



Boletín da Upd da Mancomunidade de Vigo sobre emprego e desenvolvemento local. Nº 15

Thursday, April 22, 2010

### Subvencións para programas integrados de emprego en Galicia



A Consellería de Traballo e Benestar ven de publicar na Orde do 29 de marzo de 2010 as subvencións que regulan a posta en marcha de programas de emprego dirixidos á inserción laboral das persoas traballadoras en situación de

desemprego.

O programa integrado de emprego ten por obxecto o desenvolvemento de plans integrais de emprego que combinen accións de diversa natureza, como: información, orientación e asesoramento, formación, práctica laboral e mobilidade xeográfica.

En estes programas, orientados á mellora da ocupación e integración de traballadores e traballadoras en situación de desemprego, terán prioridade os seguintes destinatarios:

- persoas discapacitadas
- persoas inmigrantes
- mulleres
- persoas desempregadas en risco de exclusión social
- perceptoros de subsidios e prestación por desemprego
- colectivo de persoas desempregadas de longa duración
- mozas/os

Todos eles deberán figurar inscritos como demandantes de emprego, sendo o Servizo Público de Emprego que seleccione as/os candidatas/os dispoñibles para a súa incorporación aos plans integrais.

### O ICO financiará directamente a Pemes e Autónomos a partires de xuño



Dentro da serie de medidas acordadas polo Consello de Ministros para impulsar a economía e o emprego, que conseguiron gran consenso por parte dos grupos parlamentarios, aprobouse a posta en marcha de catro iniciativas que pretenden axilizar o funcionamento do ICO e

facilitar o acceso a crédito de particulares e empresas, reforzando a súa solvencia financeira.

A principal novidade é que a antes do 15 de xuño o ICO poderá dar préstamo directo a autónomos e pemes, en operacións de financiamento tanto de inversión como de liquidez, cun importe máximo de 200.000 € por cliente decidindo e asumindo o ICO o risco destas operacións ao 100%.

A medida estará vixente durante este ano e o vindeiro e as condicións dos préstamos serán as de mercado. O programa será comercializado por unha entidade financeira de ámbito nacional seleccionada por concurso público e esta rede non poderá esixir condicións diferentes as establecidas no programa nin vinculala contratación a contratación doutros servizos da entidade financeira.

As outras tres medidas aprobadas polo Consello de Ministros son as seguintes:

- Instrúese ao ICO para que incremente o volume de refinanciamento das

Sociedades de Garantía Recíproca mediante a adopción de convenios con este tipo de sociedades, que poden converterse nunha ferramenta útil para axilizar a concesión de operacións de financiamento a través do sector financeiro privado.

- Modifícase a liña ICO-Liquidez para favorecer o acceso ao financiamento para circulante das pequenas e medianas empresas.
- Instrúese ao Instituto de Crédito Oficial para ampliar o apoio financeiro a promotores de vivendas de protección oficial cando estas se destinen a venda.

Fonte: ICO

#### Procedemento para a concesión do distintivo de Igualdade na Empresa



O pasado 9 de abril publicouse no BOE a orde IGD/869/2010, do 30 de marzo, pola que se convoca o procedemento para a concesión do distintivo "Igualdade na empresa" para o ano

2010.

Esta orde ten por finalidade establecer as bases reguladoras da presente convocatoria, co fin de recoñecer e estimular o labor das empresas comprometidas coa igualdade, que destaquen pola aplicación de políticas de igualdade de trato e oportunidades nas condicións de traballo, nos modelos de organización e noutros ámbitos, como os servizos, produtos e publicidade da empresa.

Calquera empresa, pública ou privada, poderá solicitar ao Ministerio de Igualdade a concesión deste distintivo, mediante a presentación dos modelos normalizados dispoñibles na web [www.migualdad.es](http://www.migualdad.es), sempre e cando cumpran os requisitos establecidos.

A documentación que deberá acompañar á solicitude consta, entre outras, de documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos xerais, así como da situación da empresa en relación coa implantación de plans e políticas de igualdade.

O distintivo terá unha vixencia inicial de 3 anos, e poderá ser prorrogado sempre e cando a empresa cumpra coas obrigas derivadas da obtención do devandito distintivo, entre elas, a de remitir un informe periódico anual en materia de igualdade.

O prazo de presentación de solicitudes é dende o 10 de abril ata o 10 de xuño de 2010.

#### Nova orde para regular as axudas do Plan Avanza



Orde ITC/712/2010, do 16 de marzo, pola que se regulan as bases, o réxime de axudas e a xestión do Plan Avanza, no marco da acción estratéxica de telecomunicacións e sociedade da información, dentro do plan nacional de investigación científica, desenvolvemento e innovación tecnolóxica, 2008-2011.

Esta nova orde mantén o ámbito de actuación da Orde ITC/464/2008, do 20 de febreiro, e incorpora unha simplificación e clarificación da súa estrutura e procedementos. Inclúense de xeito máis visible as novidades introducidas nas sucesivas modificacións, da ITC/464/2008, así como as definicións e outros aspectos contemplados na normativa comunitaria.

Esta orde estrutúrase en dous capítulos e cinco anexos: o primeiro capítulo recolle disposicións de carácter xeral, fixando aspectos como os obxectivos xerais, o ámbito do programa, as persoas beneficiarias, os tipos de axudas e os seus límites; o segundo explica o procedemento de xestión: órganos convocantes por tipo de proxecto, forma de realizar a solicitude, proceso de avaliación e de pagamento.

Unha das actuacións a destacar da orde, é a non obrigatoriedade de presentar os avais para os empréstitos que esixe a normativa reguladora, na convocatoria do ano 2010. Esta medida responde á actual situación financeira internacional, e ten como obxectivo evitar que se resinta a petición de axudas.

Máis información: <http://www.boe.es/boe>

O 23 de Abril finaliza o prazo para a presentación dos programas de cooperación.



A Consellería de Traballo e Benestar abre o prazo de solicitudes para a contratación de axentes de emprego e unidades administrativas de apoio, persoas traballadoras en situación de desemprego e mulleres vítimas

de violencia de xénero.

Ano tras a ano a nosa comunidade autónoma ven sacando importantes axudas para a execución de programas de cooperación no ámbito de colaboración cos órganos e organismos das administracións públicas distintas da local, universidades e entidades sen ánimo de lucro. A presente convocatoria para o ano 2010 recolle dúas liñas de axudas:

1.- Subvencións para a contratación de persoas en desemprego, para a realización de obras e servizos de interese xeral e social, coa finalidade de proporcionarlles a experiencia e práctica profesional necesarias para facilitar a súa posterior inserción laboral.

A contía da subvención que percibirán as entidades beneficiarias cubrirá os custos salariais e efectos de incentivo á mobilidade xeográfica.

2.- Subvencións para a contratación de axentes de emprego e unidades de apoio que colaborarán na implantación das políticas activas de emprego e na realización de funcións relacionadas coa dinamización e coa creación de actividade empresarial.

A subvención percibida será igual ao resultado de multiplicar o número de persoas que se contraten polo número de meses e polo importe do módulo C ou B, dependendo se contratamos axentes de emprego ou unidades de apoio.

O prazo para a presentación deste tipo de axudas é dun mes dende o día seguinte a publicación da orde no Diario Oficial de Galicia, polo que contades ata o 23 de Abril deste ano. Coma excepción, para a contratación de mulleres vítimas de violencia, o prazo é ata o 15 de Novembro.

Como é costume, achegámosvos a convocatoria para aqueles que queiran coñecer en maior medida a presente subvención: <http://www.xunta.es/dog/Dog2010>

#### O Ministerio de Ciencia e Innovación (MICINN) presenta o Plan INNOVACION 2010



O Ministerio de Ciencia e Innovación (MICINN) presentou o Plan INNOVACION 2010, onde se recollen as liñas estratéxicas e as accións concretas do Ministerio de Ciencia e Innovación para o fomento da innovación e contribución ao cambio de modelo produtivo.

Trátase dun Plan enfocado a contribuír á consecución dos obxectivos da Estratexia Estatal de Innovación marcados para o ano 2015, que se concretan na necesidade de mobilizar da orde de 6.000M€ de investimento privado (1,9% do PIB) e en duplicar o perímetro de empresas que fan innovación, incorporando 40.000 empresas máis, ademais de aumentar o número de empregos cualificados.

O Plan INNOVACIÓN 2010 supón unha inversión directa en I+D+i de 2.600M€ para todas as actuacións convocadas no ano 2010. Estrutúrase en sete convocatorias competitivas, catro accións financiadas e tres iniciativas de carácter non financeiro.

Co Plan INNOVACION 2010, o Ministerio ten previsto xerar máis de 93.000 empregos cualificados e 3.900 novas empresas innovadoras ou empresas que empecen a innovar. Así mesmo, pretende retornar preto de 700M€ da Unión Europea a través de programas como o 7º Programa Marco, ou os Fondos FEDER da Unión Europea, dentro do Programa Operativo Fondo Tecnolóxico, entre outros. Respecto ao investimento privado mobilizado en I+D+i, o Ministerio pretende alcanzar os 5.000M€.

O Plan INNOVACION busca unha simplificación das convocatorias para adecualas ao mercado.

Este conxunto de convocatorias encádranse dentro dos 5 eixes nos que se estrutura a Estratexia Estatal de Innovación, e cada unha delas está focalizada en actuacións relevantes para conseguir os nosos obxectivos: INNPLANTA de apoio a infraestruturas, no eixe de cooperación territorial; INNOEUROPA, no eixe de Internacionalización, busca incrementar os retornos europeos; INNCIDE no centro do pentágono fomenta as organizacións de transferencia de tecnoloxía; INNFLUYE e INNPACTO no eixe mercados, a colaboración público-privada; INNOCAMPUS, no centro e no eixe persoas, a excelencia en ciencia e innovación nas universidades; e INNCORPORA no eixe Persoas.

O Plan INNOVACION é unha das accións de desenvolvemento da Estratexia Estatal de Innovación, a E2i, xunto cos programas de axudas do CDTI (organismo adscrito ao MICINN), das accións interministeriais, ou as accións en cooperación con Comunidades Autónomas, entre outras actuacións.

Máis información sobre o Plan INNOVACION na páxina web do MICINN ([www.micinn.es](http://www.micinn.es))

## O Plan re-Forza 2010 mellorará a competitividade do tecido empresarial galego

Establécense anticipos do 50% do apoio concedido e pagamentos fraccionados ata o 70%.

A Consellaría de Economía e Industria da Xunta de Galicia presentou as liñas estratéxicas do Plan re-Forza 2010, que contempla varias novidades en referencia á xestión dos apoios concedidos ás empresas, como a posibilidade de incluír o prefinanciamento dos proxectos de investimento mediante un sistema que vai posibilitar o pagamento de anticipos do 50% da axuda concedida, así como de pagamentos fraccionados que poderán chegar ata o 70% dos apoios concedidos. A este sistema de prefinanciamento tamén poderán acollerse iniciativas ou proxectos das liñas para a reorientación da competitividade e á reguladora de proxectos colectivos.

Con esta iniciativa, o IGAPE actuará como facilitador da mellora da competitividade das empresas galegas, dando un impulso máis intenso e sostido á internacionalización da peme galega.

Por iso, os fondos destinados ao eixe de mellora da competitividade crecen nun 12% en 2010, como os presupostos xerais do IGAPE, e os presupostos en materia de internacionalización crecen un 57%.

Así mesmo, esta entidade reducirá os prazos para a liquidación e pagamento das axudas concedidas, ao tempo que incorporará novas medidas de axilización ao amparo da administración electrónica, con instrumentos como a factura electrónica, o cotexo electrónico ou unha maior integración coas entidades financeiras colaboradoras, tamén sustentada mediante as tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC).

*Fonte: Gabinete de prensa do IGAPE*

Unidade de Promoción e Desenvolvemento · Mancomunidade da Área Intermunicipal de Vigo



Vía da Hispanidade, 17 · 36203 Vigo · T 986 42 33 66 · F 986 47 14 44 ·  
[www.maiv.org/upd/anova](http://www.maiv.org/upd/anova)